

NOTIFICACIÓN

Expediente	2020007103	Aprobación de actividades Igualdade
Asunto	Campamentos Peque-educa en igualdade semana santa 2020	

A Concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, aprobou o día 5 de marzo de 2020 unha Resolución que transcrita literalmente di o seguinte:

“Dende a Concellería de Igualdade e Muller lévanse a cabo os campamentos "Peque-educa en igualdade" nos períodos vacacionais de verán, nadal e semana santa.

Por Decreto de Alcaldía de data 29 de xuño de 2018, adxudicouse o servizo de organización, coordinación e execución do programa "Campamentos Peque-educa en igualdade" Lotes 1 e 2, expte. AV 04203 17/52.

A prórroga de dito contrato aprobouse por acordo da Xunta de Goberno Local o día 29 de abril de 2019 e o documento contable de dita prórroga para o ano 2020 é: AD núm. operación 220100123 ref. 132.

Os campamentos de semana santa 2020 levaranse a cabo os días 6, 7 e 8 de abril e contemplan cada un dos lotes as seguintes prazas:

Lote 1: Campamentos Peque-educa rurais: 40

Lote 2: Campamentos Peque-educa urbanos: 50

Os horarios serán:

- Horario ordinario: De 9:30h a 13:30h
- Horario ampliado: De 8:30h a 14:30h

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello, (Praza de Armas, s/n), en horario de 9:00 h. a 14:00 h., ou en calquera dos previstos no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

A listaxe provisional e definitiva publicaranse no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web www.ferrol.gal (Taboleiro de Anuncios).

Polo exposto, propóñolle a concelleira delegada da Área de Muller, Igualdade, Xuventude, Minorías Étnicas e Normalización Lingüística, que adopte o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar a realización dos campamentos Peque-Educa en Igualdade Semana Santa 2020.

Segundo.- Aprobar o prazo de inscrición dende o 10 ao 16 de marzo, ambos incluídos.

Terceiro.- Aprobar as idades dos/as destinatarios/as dos programas entre os 3 e os 13 anos, (deben ter cumpridos os 3 anos antes do 6 de marzo e non ter cumpridos os 14 antes do 9 de marzo de 2020) e o requisito de estar o/a menor empadroad/a no Concello de Ferrol, agás os/as menores derivados da Casa de Acollida Municipal.

Cuarto.- Aprobar que a adxudicación das prazas se realice por rigoroso orde de inscrición.

Quinto.- Publicar a listaxe provisional de solicitudes o 23 de marzo no Rexistro Xeral do Concello e na páxina web www.ferrol.gal (Taboleiro de Anuncios).

Sexto.- Abrir un prazo para reclamacións dende o 24 ao 30 de marzo, ambos incluídos”.

O que lle comunico para o seu coñecemento e efectos, significándolle que esta resolución pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñer o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a dictou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, de conformidade co disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente o recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación desta resolución e na forma prevista nos artigos 8.2 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa (BOE do 14/07/1998).

O secretario xeral